

“IUS IN OFFICIUM” E POSICIÓN CONSTITUCIONAL DO PARLAMENTARIO EN GALICIA ANTE A REFORMA ESTATUTARIA

Xosé Antón Sarmiento Méndez*

Universidade de Vigo

Abstract

Galician parliamentaries have a singular status in order to implement their important rol in the political sistem. The Author explains the different rights and duties of the deputy thinking about the problems inside the constitutional state in Spain. Recent changes at normative level are too studied from a critical doctrinal position besides his supports to these necessary modifications. Finally the institutional position of the Galician Parliament is analised in relation with the jurisprudence of The Constitutional Court and the reform of the Galician Constitution.

Keywords: Galician Parliament, Spanish Constitution, deputy and parliamentary groups, rights and duties of representative cameras

Sumario: I.- Condición plena de Deputado e proclamación electoral.- a) Credencial electoral e Administración parlamentaria.- b) Incompatibilidades e acceso á condición plena do parlamentario.- c) Ritualismo parlamentario e prestación do xuramento ou promesa II. O Estatuto dos Deputados: dereitos.- a) O denominado Dereito-Deber de asistencia.- b) Dereito a integrarse en Comisións.- c) Un dereito instrumental: o dereito de información.- d) Dereitos económicos.- e) O problemático dereito “de iniciativa” III. O Estatuto dos Deputados: deberes.- a) Deber de asistencia.- b) Deber de “boa conducta”.- c) A condición de parlamentario e as actividades privadas: o chamado Deber de “non prevalencia”.- d) Deber de realizar declaracións de bens e actividades e) Deber de observa-las normas sobre incompatibilidades. IV.O Estatuto dos Deputados: prerrogativas.- a) A inviolabilidade.- b) A inmunidade limitada.- c) “Amparo presidencial”: A salvagarda dos dereitos polo presidente da Cámara.- V. A suspensión dos Deputados.- VI. A perda da condición.- a) Por decisión xudicial firme.- b) Por falecemento ou incapacitación.- c) A extinción do mandato.- d) Por renuncia

Recibido: 06/03/06. Aceptado: 10/05/06

* Letrado maior do Parlamento

I. Condición plena de Deputado e proclamación electoral

Celebradas as eleccións autonómicas e rematado o escrutinio, a presidencia da Xunta electoral de Galicia debe remitir ao Parlamento a lista de parlamentarios proclamados nas circunscricións electorais¹. Este trámite é o derradeiro dos que integran o acto complexo previsto no artigo 108 da Lei orgánica do réxime electoral xeral, que parte da celebración do escrutinio na circunscrición correspondente² (no caso das eleccións autonómicas a provincia) e a apertura dun prazo para eventuais reclamacións ou protestas ante a Xunta electoral Central. Precisamente esta cuestión é polémica no caso das eleccións ao Parlamento de Galicia pois a reforma da lei galega de 1992 non atribúe competencias á Xunta electoral de Galicia para coñecer dos recursos contra a resolución de reclamacións nas eleccións autonómicas. Isto conduce a autores como Arnaldo Alcubilla e Delgado-Iribarren a concluir a competencia exclusiva da Xunta electoral central nesta materia (tal e como reconece por outra banda o Acordo da Xunta electoral Central de 24 de outubro de 1997)³.

Posteriormente débese entregar copia certificada da acta do escrutinio xeral aos representantes das candidaturas que o soliciten e aos electos, se ben a lei permite que o envío das certificacións e credenciais se poida facer a estes últimos a través dos primeiros, o que facilita a comunicación e os trámites burocráticos da Administración electoral pero resulta certamente rechamante nun momento inicial do mandato representativo do parlamentario, pois non deixa de ser unha manifestación máis da omnímoda presenza dos partidos políticos en todos os recunchos da nosa democracia.

A proclamación feita pola Administración Electoral, que segundo a doutrina da Xunta electoral Central é un acto público⁴, atribúe soamente ó

¹ Tal é a previsión do artigo 38 da Lei de eleccións ao Parlamento de Galicia de 13 de agosto de 1985.

² Segundo o Acordo da Xunta electoral central do 2 de xuño de 1995 as reclamacións presentadas só poden referirse a incidencias recollidas na acta da sesión das Mesas ou do escrutinio das Xuntas electorais. As reclamacións ou pedimentos xerais non poden ser admitidas (Cfr. Tamén ao Acordo do 22 de xuño de 1999).

³ No seu excelente manual: *Código Electoral*. 4ª Edición. El Consultor de los Ayuntamientos y de los Juzgados. 2003. Páxina 607.

⁴ Acordo do 2 de xuño de 1995. Hai que lembrar que unha vez realizada a proclamación de electos e expedidas as correspondentes credenciais a Administración electoral carece de competencias en orde a integración dos parlamentarios un unha ou outra formación política.

deputado a condición de electo⁵, de tal xeito que para complementa-lo que se coñece como "condición plena" deberá cumprir tres requisitos que paso a analizar.

a) Credencial electoral e Administración parlamentaria:

O deputado proclamado electo obtén unha situación xurídica inatacable pois firme o escrutinio xeral e o de proclamación de electos non cabe alterar o resultado de ditos actos nin siquer invocando presuntos erros materiais na acta de escrutinio xeral⁶. Ademáis o Tribunal Supremo ten aclarado que o control xudicial da expedición das credenciais debe facerse pola vía do recurso contencioso-administrativo ordinario e non polo procedemento contencioso electoral previsto no artigo 109 da Loreg⁷.

Posteriormente debe presentar na Oficialía Maior (Secretaría Xeral) do Parlamento a credencial expedida polo correspondente órgano da Administración Electoral. Esta expresión do texto regulamentario vén a ser delimitada polo artigo 18.i) da Lei de Eleccións ó Parlamento de Galicia que establece a competencia para expedi-las credenciais de deputados á Xunta Electoral de Galicia, nos supostos de vacantes por falecemento, incapacidade e renuncia, unha vez rematado o mandato das Xuntas Electorais Provinciais. *A contrario* débese interpretar que é a Xunta Electoral Provincial o órgano competente para expedi-las credenciais despois de celebradas as eleccións autonómicas.

A doutrina electoral entende que a entrega das credenciais despois da proclamación debe producirse de xeito inmediato, salvo dificultades materiais insalvables que o impidan⁸. Esta posición que denota un certo automatismo no funcionamento das Xuntas electorais teñen o seu reflexo tamén na xurisprudencia do Tribunal Constitucional que proclama a actuación daquelas sempre a instancia de parte, censurando as actuacións de oficio, que non lle resultan esixibles por existir situacións de evidentes conflitos

⁵ Esta diferenciación deriva da xurisprudencia constitucional sobre esta materia (así STC 119/1990), e leva a entender a Pablo Lucas Murillo que se crean dous tipos de deputados: os electos e os membros da Cámara. Así no seu traballo "O estatuto dos parlamentarios". Revista andaluza de Administración pública, nº5, xaneiro-marzo 1991, páxs. 11 a 52.

⁶ Así o dispón o Acordo da Xunta Electoral Central do 30 de setembro de 1999.

⁷ Entre outras a sentenza da Sala 3ª, do 17 de setembro de 2002, no recurso 300/1998.

⁸ Cfr. O Acordo da Xunta electoral central do 12 de xuño de 1991,

de intereses entre as candidaturas enfrontadas no proceso electoral (neste senso se pronuncia a Sentencia do Tribunal Constitucional 78/1989, de 3 de maio).

Distinto significado ten a remisión que a Presidencia da Xunta Electoral de Galicia fai ó Parlamento da lista de deputados proclamados nas distintas circunscricións electorais. Trátase, conforme o previsto no artigo 38 da Lei Electoral galega dun documento-resume que pon fin de xeito protocolario ó procedemento electoral, pero que non ten os efectos constitutivos da acta de deputado que emite a Xunta Electoral Provincial respectiva.

b) Incompatibilidades e acceso á condición plena do parlamentario

A necesidade de que o parlamentario electo cumprimenta a súa declaración de incompatibilidades preséntase como unha esixencia de carácter formal que tenta de garantir a finalidade última da elección: que o mandato representativo se exerza con liberdade e sen perturbacións indebidas xeradas por outras responsabilidades non desexadas polo lexislador e que poden distorsionar a formación da vontade do deputado.

Neste sentido coincido con Arce Janáriz⁹ cando chama a atención sobre o contido de sentenzas constitucionais como a 19/1991 nas que se clarifica que a situación de servizos especiais dos funcionarios públicos que accedan á condición de parlamentario prevista na lexislación de función pública non é causa de incompatibilidade senón consecuencia da mesma. Estas afirmacións do máximo intérprete da Constitución están a poñer de manifesto a dobre faciana das incompatibilidades e como ademais dunha obriga do deputado son tamén un mecanismo que privilexia a súa imparcialidade, especialmente dende a perspectiva da función pública.

Parecidas consideracións cabe facer sobre o contido da sentenza constitucional 73/1997 na que se declara o carácter básico da esixencia de non percibir retribucións periódicas polo desempeño da función para compatibilizar o emprego público coa condición de membro de Asemblea lexislativa de Comunidade autónoma.

⁹ No seu libro *El Parlamento en los Tribunales*. Aranzadi. 2004. Páxina 200. Na mesma liña argumental pode lembrarse a sentenza 150/1992.

Como sinalou Jerónimo Blasco¹⁰ o Tribunal Constitucional dictou dúas sentencias relevantes sobre esta materia: a 72/1984 e a 12/1991. Sucintamente afectan á reserva de Lei Electoral para a regulación das Incompatibilidades e Inelixibilidades dos deputados e senadores e, o que resulta máis interesante, a posibilidade de que a lexislación de Función Pública (Lei 30/1984) regule a situación na que quedan os funcionarios coma consecuencia de atoparse en determinadas situacións ó ser elixidos parlamentarios.

O mandato regulamentario de cubri-la declaración para os efectos do exame de incompatibilidades límitase ós datos relativos á profesión e cargos públicos que desempeñe. Nembargantes debe completarse coa necesaria presentación da declaración de bens patrimoniais e daquelas actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos. Resulta singularmente rechamante e tamén criticable, que á hora de regular os requisitos para a adquisición da condición plena de deputado o Regulamento non se enumeren rigorosamente e sexa necesario acudir a outros preceptos regulamentarios con esta finalidade (artigo 15 do R.P.G)

Obviamente, como lembra Francisco Caamaño, atopámonos ante un requisito preliminar condicionado á actividade posterior da Comisión do Estatuto do Deputado, de tal xeito que esta fase se fai descansar substancialmente na "bona fides" do declarante que baixo a súa responsabilidade pon en coñecemento da asemblea a súa situación persoal¹¹.

O problema interpretativo xorde no intre de aplica-la expresión regulamentaria "reflectindo os datos relativos á profesión e cargos públicos que desempeñen". Unha primeira liña esexética, excesivamente formal ó meu xuízo, defende que a mera presentación da declaración para os efectos de incompatibilidades sexa suficiente para adquiri-la condición plena de deputado. Esta é a práctica seguida no Lexislativo autonómico que soamente procede á análise formal da presentación por parte da Mesa da Deputación Permanente, no caso habitual de tratarse dun deputado que accede á condición de tal despois das eleccións autonómicas.

Máis prudente sería atribuír a este órgano da Cámara a apreciación dunha primeira análise sobre aquelas incompatibilidades que podemos deno-

¹⁰ Jerónimo Blasco Jáuregui: Adquisición, suspensión e perda da condición de parlamentario. No volume colectivo *Parlamento e Xusticia Constitucional*. Ed. Aranzadi, pax. 270.

¹¹ Francisco Caamaño Domínguez: *O Mandato Parlamentario*. Monografías do Congreso dos Deputados. Madrid, 1991, pax. 177.

minar "flagrantes", é dicir, as que se derivan dunha mera lectura do elenco previsto na lexislación electoral, deixando para unha análise posterior da Comisión do Estatuto a avaliación daquelas causas que poidan ter efectos sobre os ingresos e o grao de adicación polo que opten os parlamentarios. Esta postura evitaría a participación indebida en actos parlamentarios relevantes (sesión de investidura, entre outros) de deputados que palmariamente incumpren a lexislación reguladora das incompatibilidades.

Debo recoñecer finalmente que a apreciación da compatibilidade das actividades dos deputados dista moito de presentarse como unha cuestión clara, de tal xeito que a doutrina máis reputada (así Philip Norton¹²) demanda a necesidade de que as normas sexan nidas nesta materia, seguindo recomendacións recentes coma as contidas no informe *Nolan* para o caso da Gran Bretaña.

No caso galego como teréi ocasión de referir a casuística sobre a interpretación da lexislación electoral (reguladora en Galicia das incompatibilidades parlamentarias) ten sido complexa ao verse acompañada dun criterio prudente por parte da Comisión do Estatuto que mantén a necesidade de informe dos Servizos Xurídicos para a clarificación das actividades compatibles¹³.

c) Ritualismo parlamentario e prestación do xuramento ou promesa

O artigo 108.8 da Loreg establece a esixencia de xuramento ou promesa de acatamento á Constitución para a toma de posesión de cargos electivos pero non impón directamente unha fórmula concreta dese xuramento

¹² Cfr. "Conclusion: Stronger links, weaker support". *Parliamentary affairs. A journal of comparative politics*. Volume 50, n.º 3. Xullo 1997. Páxina 473.

Con carácter xeral sobre a importancia da seguridade xurídica para un correcto funcionamento do Estado de Dereito pode consultarse; Torsten Stein: "Seguridade xurídica na orde xurídica da República Federal de Alemaña" en *Contribucións* n.º 3/1997. Seguridade xurídica e desenvolvemento económico. Páxinas 7 a 29.

¹³ Así ocorreu co informe dos servizos xurídicos do 14 de novembro de dous mil tres no que se deixa constancia de que a condición de xerente dunha fundación pública de desenvolvemento comarcal participada maioritariamente pola Xunta de Galicia forma parte do suposto de feito previsto no artigo 6.1b) da lei de eleccións ó Parlamento de Galicia do 13 de agosto de 1985. Polo tanto o deputado electo que se atope na situación de xerente dunha fundación pública deberá optar entre a renuncia a ese cargo público ou o seu cese na condición de deputado do Parlamento de Galicia.

ou promesa. Por esta razón vense admitindo como válida unha forma de prestación que non implique fraude de lei ou desnaturalización ou valeiramento do contido do xuramento ou promesa, e así o recoñecen os Acordos da Xunta electoral Central¹⁴.

Sen dúbida se trata do requisito máis polémico e problemático dos previstos no texto regulamentario. Obrígase a prestar na primeira sesión do Pleno á que asistan a promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ó Estatuto de Galicia. Trátase como sinala Esther Martín¹⁵ dun requisito que condiciona o efectivo acceso ó *officium* representativo e, consecuentemente, convírtese nun presuposto de eficacia para o posterior exercicio do cargo.

A xurisprudencia do Tribunal Constitucional (así a Sentencia 101/1983, do 18 de novembro) interpreta que os titulares dos poderes públicos teñen un deber xeral positivo de realiza-las súas funcións de acordo coa Constitución, é dicir, que o acceso ó cargo implica un deber positivo de acatamento entendido como respecto á mesma, o que non supón necesariamente unha adhesión ideolóxica nin unha conformidade co seu total contido. Este pronunciamento do TC crea o que ten sido denominado por Alonso García como norma subconstitucional e provoca a incorporación duns esquemas de "democracia actuante" toda vez que o sometemento ó Dereito que se lle impón ós parlamentarios non é só formal e negativo, senón positivo e de defensa da "xuridicidade constitucional".¹⁶

Máis alá nesta argumentación, o Tribunal Constitucional defendeu na súa Sentencia 122/1983, do 16 de decembro, o texto do Regulamento parlamentario galego que obriga a gardar fidelidade á Constitución e ó Estatuto, superando o mero deber de acatamento. Para o Tribunal gardar fidelidade equivale a un compromiso de acepta-las regras do xogo político e a orde xurídica existente en tanto existe, e a non intenta-la súa transformación por medios ilegais. A xurisprudencia posterior do Tribunal senta estes criterios, se ben pode observarse un interesante xiro na Sentencia 119, do

¹⁴ Así o expresan os acordos do 2 de xullo de 1995 e o 19 de setembro de 2001.

¹⁵ Esther Martín Núñez: *O réxime constitucional do cargo público representativo*. Ed. Cedecs. Estudos constitucionais e Políticos. Barcelona 1996. Páxina 113.

¹⁶ E. Alonso García: *A interpretación da Constitución*. Centro de Estudos Constitucionais. Madrid, 1984, pax. 11 e seguintes.

21 de xuño de 1990, que resalta a lexitimidade democrática dos representantes nun Estado caracterizado polo valor do pluralismo político. Parece deixarse de lado, pois, un instrumento do control-acatamento como defensa da Constitución, ata o punto de que se chega a declarar que a esixencia do xuramento ou promesa non é contrario á Constitución, pero tampouco vén imposto por ela.

A carón desta xurisprudencia constitucional, a doutrina¹⁷ subliña os paradoxais efectos que o Regulamento galego atribúe á inexistencia de promesa ou xuramento. Deste xeito, os dereitos e as prerrogativas dos deputados son efectivos dende o momento da súa proclamación como electos e, nembargantes, manteñen as súas prerrogativas, a pesar de que transcorridas tres sesións plenarias os deputados non adquiren a condición plena de tales.

Este prazo das tres sesións plenarias pode poñer de manifesto o problema de que a actuación da Comisión do Estatuto de Deputados sexa posterior ó transcurso das mesmas, de xeito que as súas resolucións se produzan cando os efectos do artigo 7.2 do Regulamento xa se teñen causado.

II. O Estatuto dos Deputados: dereitos

A delimitación dos dereitos dos parlamentarios de Galicia lonxe de presentarse como unha cuestión simplemente regulamentaria ou adxectiva acaba unha dimensión nuclear na comprensión do parlamentarismo autonómico e permite por de manifesto fenómenos xerais no funcionamento das democracias occidentais, nas que como ven de sinalar Sosa Wagner¹⁸, se aprecia una perda na lexitimidade do Parlamento, pola apelación ao consenso social, o que supón indirectamente, unha degradación da dignidade da elección democrática favorecedora en definitiva da participación política dos máis dotados económica, social ou culturalmente, en detrimento das capas máis desfavorecidas da cidadanía.

Antes de acometer a análise dos dereitos dos deputados *strictu sensu* quero deixar constancia do dereito que *ex artigo 9.3* se lles recoñece aos

¹⁷ Entre outros Ramón Máiz e X.A. Portero: *As institucións políticas no Estatuto de Autonomía para Galicia*. Parlamento de Galicia. 1988. Páx. 142 e ss.

¹⁸ No seu estudo introductorio titulado "El Estado se desarma", ao libro de Thomas Darnstädt, *La trampa del consenso*. Editorial Trotta. Fundación Alfonso Martín Escudero. Madrid. 2005. Páxinas 30 e seguintes.

parlamentarios, consistente en recibir directamente ou a través do seu grupo parlamentario a información e documentación necesaria para o desenvolvemento das súas tarefas. Como subliña Paolo Zuddas¹⁹ no caso italiano, a profesionalización da función pública parlamentaria e o papel *super partes* do presidente da Asamblea serven de presuposto para garantir o servizo paritario e uniforme para todos os deputados, en definitiva para unha igualdade sustancial de dereitos no plano dos medios de traballo.

O Regulamento galego enumera algúns dereitos dentro do tratamento do Estatuto dos Deputados deixando para outros lugares do seu articulado a descrición das distintas facultades que os parlamentarios teñen no desenvolvemento dos procedementos na Cámara. Fago tratamento aquí dos primeiramente citados.

a) O denominado Dereito-Deber de asistencia²⁰

Peces-Barba conceptúa a categoría dos dereitos-deberes como aquela na que o mesmo titular do dereito ten unha obriga respecto a esas condutas protexidas polo dereito fundamental. Trátase de dereito valorados de xeito tan importante pola Comunidade e polo o seu ordenamento xurídico que non se pode abandonar á autonomía da vontade, senón que o Estado establece deberes para todos ao tempo que lles outorga facultades sobre eles.

A regra xeral vén dada polo dereito que teñen os deputados de asistir con voz e voto ás sesións do Pleno e ás das Comisións das que formen parte. Recoñécese igualmente a posibilidade de asistir ás Comisións das que non formen parte, nas condicións establecidas no Regulamento. Este principio vese enormemente matizado pola práctica parlamentaria das substitucións entre deputados dun mesmo Grupo, de tal xeito que a adscrición inicial a unha Comisión parlamentaria ten unha importancia moito menor do que puidera pensarse, sobre todo se nos referimos a aqueles deputados que non asumen as portavocías sectoriais ou os postos directivos nas Mesas das Comisións.

¹⁹ *Amministrazioni parlamentari e procedimento legislativo. Il contributo degli apparati serventi delle Camere al miglioramento della qualità della legislazione.* Giuffrè Editore. Milano. 2004. Páxina 152.

²⁰ Así o califica o excelente traballo de Enrique Soriano Hernández: *El Estatuto de los parlamentarios de las Comunidades Autónomas.* Temas del Senado. Madrid. 2001. Páxina 280.

A inexistencia de un dereito a non asistir ás reunións parlamentarias foi obxecto de estudo por parte da Secretaría Xeral do Congreso dos deputados²¹ concluíndose que non basta para cumprir co deber de asistencia coa presenza nas ponencias, órganos das comisións que teñen unhas funcións específicas que non cobren a totalidade das funcións encomendadas a estes órganos de traballo descentralizados.

Como teño sinalado noutro lugar²² o dereito de asistencia preséntase como un presuposto de feito para o exercicio doutros dereitos parlamentarios e, polo tanto, deberá ser especialmente respectado por tódolos órganos retores da Cámara, que no exercicio das súas facultades sancionatorias non poden afectar arbitrariamente ó dereito de asistencia (así STC 169/1995, criticada radicalmente por F. Santaolalla)²³.

A regulación retallista do dereito de asistencia e incluso a consideración das ausencias aos efectos sancionadores choca flagrantemente coa realidade política²⁴ na que as decisións son tomadas comunmente extramuros do Parlamento, convertindo a éste nun mero ratificador daquelas, producíndose o acto da Cámara coa publicidade e lexitimación democrática directa da que carecen outros suxeitos.

b) Dereito a integrarse en Comisións

Lluís Aguiló ten posto de manifesto o principio de división do traballo parlamentario que é de aplicación ós modernos parlamentos e que implica que ao Pleno lle corresponderá debater e aprobar aquelas decisións máis importantes e as comisións preparar o traballo do Pleno e desenvolver aqueles traballos de menos transcendencia²⁵.

²¹ "Informe da Secretaría Xeral do Congreso dos Deputados sobre a aplicación do disposto no artigo 99 do Regulamento do Congreso dos Deputados por inasistencia reiterada ou notoria ás sesións do pleno e das Comisións". *Revista de las Cortes Generales*. Nº 25, 1992. Páxina 257.

²² No meu traballo: "El Derecho de voto y la regla de la mayoría". *Revista de las Cortes Generales*. Nº 55. Primeiro cuatrimestre de 2002. Páxinas 88 a 137.

²³ No seu traballo: "Principio de legalidade e disciplina parlamentaria. Comentario á Sentencia do Tribunal Constitucional 169/1995 do 20 de novembro", *Revista Española de Dereito constitucional*, nº47, maio-agosto 1996, páxs. 293-308.

²⁴ Fenómeno polo demais habitual en outros países como Alemaña. Así o recolle Antonio Arroyo Gil no seu libro *El federalismo alemán en la encrucijada*. Centro de Estudios Políticos y Constitucionales. Madrid. 2006. Páxina 52.

²⁵ *Les Corts Valencianes. Introducció al Dret parlamentari valencià*. Ed. Tirant lo Blanch. Valencia. 1994. Páxinas 59-60.

Os deputados poden formar parte polo menos de unha Comisión, se ben este dereito vese condicionado, á hora da elección, pola existencia dun "parlamento de grupos" de tal xeito que habitualmente as preferencias dos parlamentarios habituais se ven condicionadas polos criterios dos portavoces e dos órganos de goberno dos grupos parlamentarios, plasmando o que denomina G. Boccaccini "a relevancia do grupo como suxeito da actividade parlamentaria"²⁶. Este principio parlamentario condiciona tamén os criterios de proporcionalidade á hora de fixa-lo número de parlamentarios que integren as distintas Comisións da Cámara, aínda que en moita menor medida do mandato regulamentario de que tódalas Comisións contén cun representante de cada grupo parlamentario.²⁷

Por outra banda, resulta criticable desde o punto de vista de técnica normativa a redacción regulamentaria que asocia o dereito dos deputados a formar parte polo menos de unha Comisión e o dereito a exercer-las facultades e desempeña-las funcións que o Regulamento lles atribúe. Non existe conexión argumental algunha entre ambas materias, posto que as facultades dos deputados se exercen tanto no Pleno coma nos restantes órganos de traballo da Cámara, polo que deberían ser enumeradas en apartados diferentes do artigo 8, todo iso sen deixar de recoñecer con Aja Fernández²⁸ que o papel das Comisións parlamentarias é esencial no desenvolvemento do traballo das Cámaras.

c) Un dereito instrumental: o dereito de información

Para o mellor cumprimento das súas funcións os deputados poden solicitar das Administracións públicas os datos, informes ou documentos que consten en poder destas. Este dereito vese condicionado polo necesario coñecemento do respectivo grupo parlamentario, se ben este requisito non debe ser interpretado, ó meu xuízo, como unha autorización grupal previa,

²⁶ Cfr. ó seu libro: *Sistema político e regolamenti parlamentari*. Giuffrè Ed. Milano 1980. Páx. 275. Para unha análise do dereito comparado nesta materia: *Constitutional and Parliamentary Information*. Association of Secretaries General of Parliaments. Nº 172/2nd half-year-1996. forty-sixth year. Páxinas 182 a 247.

²⁷ Así, Florentina Navas Castillo: "A composición das Comisións parlamentarias na xurisprudencia constitucional". No volume citado *Parlamento e xusticia constitucional*. Pax. 89 e seguintes.

²⁸ *Consideraciones sobre las comisiones parlamentarias. Parlamento y sociedad civil*. Aparicio M.A. (coordinador). Cátedra de Derecho Político. Universidad de Barcelona. 1980.

que conduciría a un debilitamento inaceptable da posición institucional do parlamentarismo galego.

Na actualidade resulta indubitable que os deputados precisan obter información para desenvolver as súas funcións constitucionais. Como sinalóu Embid Irujo²⁹ a información é un presuposto obxectivo da correcta e libre formación da súa vontade institucional como medio indispensable para que os deputados, sobre todo da oposición, poidan axuizar con seriedade a acción política do goberno e da maioría que a respalda.

O procedemento previsto para a obtención da citada información instruméntase a través dunha solicitude dirixida por conducto da Presidencia do Parlamento, á que a Administración deberá facilitala documentación solicitada ou manifestarlle ó Presidente da Cámara, nun termo máximo de 30 días as razóns fundadas en dereito que o impidan. Paralelamente os deputados gozan do dereito a recibir do seu grupo parlamentar a información e documentación necesaria para as súas funcións, se ben esta posibilidade suscita menos problemas xurídicos que a solicitude personalizada de información por parte do deputado ós poderes públicos.

O Tribunal Constitucional abordou en multitude de ocasións o alcance do dereito dos parlamentarios a recabar información, entendendo que a denegación ou incompleta satisfacción da solicitude dos parlamentarios non supón, por sí mesma, a vulneración do dereito fundamental ó exercicio do cargo garantido polo artigo 23 da Constitución, xa que éste non comprende o dereito a obter unha resposta cun concreto contido (Sentencia do Tribunal Constitucional 220/1991, do 25 de novembro). Este perfil que o criterio xurisprudencial dá do dereito de información preséntase como bastante desilusionante e é obxecto de crítica por parte dalgúns autores³⁰. A atribución regulamentaria limitábase, pois, a un dereito ó procedemento ("*ius ut procedatur*") de tal xeito que só excepcionalmente poderá controlarse a través do amparo constitucional unha actuación das Administracións públicas que non conteste, ou o faga indebidamente unha solicitude de información do

²⁹ "El control parlamentario del gobierno en la jurisprudencia del Tribunal Constitucional". *Revista Vasca de Administración Pública*. Nº31. 1991.

³⁰ Así, Juan José Lavilla Rubira: "Congreso dos deputados e demais poderes públicos: información, control e responsabilidade". En *Estudios sobre a Constitución Española. Homenaxe ó profesor Eduardo García de Enterría*. Civitas, Madrid, 1991, pax. 2030.

parlamentario. Déixase, pois, ó estricto ámbito do control político a crítica da actuación do Executivo.

O propio Tribunal Constitucional, na súa Sentencia 181/1989, do 3 de novembro, entende que o amparo que poida solicita-lo parlamentario á Presidencia ou, no seu caso, á Mesa do Parlamento non vén incluído dentro da facultade de recabar información por parte dos parlamentarios. O Tribunal argumenta dende consideracións de corrección xurídica e para evitar unha xudicialización inaceptable da vida política, de tal xeito que non lle corresponde ó máximo intérprete da Constitución decidir se a negativa a informar é politicamente oportuna ou non.

A decisión do Tribunal Constitucional que máis directamente precisa ao alcance da resposta da administración pública é o Auto 426/1990 relativo á insatisfacción de deputados das Cortes de Castilla-La Mancha pola resposta do Goberno a unha petición de documentación.

A doutrina do Tribunal Constitucional reconece que toda actuación administrativa, e a remisión de documentación podería presentarse "prima facie" como un acto da Administración, é susceptible de ser controlada polos órganos competentes. Nembargantes no fundamento xurídico terceiro do citado Auto exprésase que certas actuacións de órganos pertencentes ao poder executivo encarnan o grupo das relacións entre órganos de natureza política que non cabe entender que sexan susceptibles de control xurídico, o seu control debe ser polo contrario de carácter político.

Nesta mesma liña se pronuncia a doutrina constitucional española (Luis de la Peña Rodríguez) que se ten ocupado desta cuestión ao precisar que unha resposta a unha pregunta parlamentaria ou a unha petición de información non está sometido a unha valoración de carácter xurídica sobre a satisfacción da pregunta feita polo deputado. De xeito semellante se manifesta León Martínez Felipe ao subliñar a ausencia de sanción xurídica ante o presunto incumprimento da obriga de facilitar documentación solicitada, concluindo que "só existe unha responsabilidade política por parte dos gobernantes que non proporcionen a documentación solicitada polo Parlamento".

Conforme á doutrina transcrita preséntase como conclusión nida que a remisión de documentación por parte dos poderes públicos ao deputado pode ser obxecto de valoración por parte deste como o é calquera posicio-

namento que nun debate parlamentario faga un representante do Executivo. Isto é as argumentacións expresadas polos membros do Goberno poden tamén parecer insuficientes ou evasivas aos requirimentos dos parlamentarios pero non existen mecanismos regulamentarios para obrigar a modificar o seu posicionamento aos membros do Goberno.

Finalmente e aínda que non existe un pronunciamento expreso do Tribunal Constitucional ao respecto a doutrina máis reputada (Soriano Hernández e Cano Bueso) coinciden en admitir que existen unha serie de motivos que se poden opoñer como límites ao dereito dos deputados á obtención da información, entre os que citan expresamente a inexistencia de documentación, ou o abuso do dereito de documentación.

Distinta natureza, aínda que fundamente relacionada coa información a que ten dereito o parlamentario, ten a utilización das preguntas parlamentarias como instrumento para a obtención de información. Sen perxuízo de recoñecer o dereito individual do deputado á formulación das preguntas hai que matizar a cuestión respecto das coñecidas como preguntas dirixidas ao Presidente da Xunta. En efecto, os servizos xurídicos do Parlamento de Galicia no seu informe de 9 de novembro de 2004 apuntaron con claridade a inexistencia dun dereito con tal contido baseado presuntamente na norma supletoria do artigo 155 do Regulamento.

Non cabe dúbida de que nun réxime parlamentario de Goberno a presenza e a comunicación fluída entre o Executivo e o Parlamento resultan criterios básicos de funcionamento que integran unha esixencia racionalizadora da forma de goberno (así o afirma a Sentencia do Tribunal Constitucional do 21 de xuño de 1985 no seu fundamento xurídico 5º). Este principio de colaboración de poderes recibe o seu reflexo máis palmario no caso galego, na necesaria extracción parlamentaria da figura de presidente e na posibilidade de que a Cámara lle esixa responsabilidade política provocando no seu caso o seu cese.

Aparte destes criterios básicos citados, tanto o Estatuto de Autonomía para Galicia como o Regulamento do Parlamento galego non conteñen, –como si podían ter disposto–, unha regulación taxativa da presenza parlamentaria do presidente da Xunta. Máis, ao contrario, existen recoñecementos reiterados na normativa galega da responsabilidade política solidaria do Executivo que fan que calquera dos seus membros poida responder ante as solicitudes

de información e de control ordinario feitas polos membros do Parlamento (artigo 17.1 do Estatuto de Autonomía para Galicia).

Este panorama normativo veu a ser mantido basicamente ata o comezo da sexta lexislatura. Nos inicios do ano 2002 e froito dun *acordo político* entre as forzas parlamentarias, o presidente da Xunta someteuse voluntariamente a responder ante o Pleno da Cámara as preguntas que lle formularon os Sres. Parlamentarios.

Ante este novo *statu quo* xurdido, a Mesa do Parlamento aprobou o día 29 de xaneiro de 2002 unhas normas que regulan a tramitación das preguntas parlamentarias dirixidas ao presidente da Xunta. Como pode comprobarse, o acordo político citado non modificou o Regulamento da Cámara nin estableceu mandato normativo novo algún na lei da Xunta e do seu Presidente que obrigase xuridicamente a este a contestar as preguntas dos parlamentarios persoalmente. Da lectura das normas supletorias do 29 de xaneiro de 2002 dedúcese que estamos ante unhas disposicións de carácter instrumental ou adxectivo aprobadas coa finalidade concreta de instrumentar un procedemento parlamentario que non estaba nin está previsto no Regulamento do Parlamento de Galicia, e polo tanto non existiu unha modificación da *question time* prevista no artigo 158 do noso regulamento.

Esta situación merece sen dúbida unha reflexión crítica que non se debilita polo feito de que na VII lexislatura o acordo político teña posibilitado a contestación en todos os plenos por parte do presidente da Xunta ás preguntas feitas polos tres grupos parlamentarios. En efecto, entendo que tecnicamente sería máis acaído que se producise a incorporación regulamentaria de tal dereito de pregunta e incluso que a delimitación dos suxeitos preguntantes fose máis precisa explicitando nidiamente se son só os portavoces titulares dos grupos os lexitimados ou se é posible a formulación por parte doutros deputados portavoces suplentes ou adxuntos³¹.

d) Dereitos económicos

Os deputados teñen dereito a percibir unha asignación económica que lles permita cumprir eficaz e dignamente a súa función. Así mesmo,

³¹ Cuestión que se suscitou repetidamente no primeiro período de sesións da VII lexislatura na Xunta de portavoces e que a xurisprudencia intraparlamentaria resolvéu con unha interpretación taxativa que impediu aos restantes portavoces a formulación das preguntas ao presidente da Xunta.

deben recibirlas indemnizacións e axudas de custo polos gastos que sexan indispensables para o cumprimento da súa función. Este esquema retributivo diferencia claramente os conceptos ós que os deputados teñen dereito creando unha clasificación que terá consecuencias moi importantes no seu desenvolvemento lexislativo por parte da Lei de Eleccións ó Parlamento de Galicia³².

A fixación da data de devengo das retribucións dos deputados electos é un aspecto tradicionalmente resolto de xeito deficiente, ó meu xuício, no Parlamento de Galicia. En efecto, a pesar de que o Regulamento dispón taxativamente que os dereitos serán efectivos dende o momento mesmo no que o deputado sexa proclamado electo, a práctica seguida pola Mesa da Cámara (así o Acordo da Mesa da Deputación Permanente de 7 de setembro de 1997) é a de "unifica-la data" de devengo dos dereitos económicos de tódolos deputados electos, con independencia de cal fose o momento (normalmente non coincidente) no que as catro Xuntas Electorais Provinciais proclamaran os resultados.

Non cabe descoñecer que o fundamento do que parte o Regulamento galego, a diferencia da que se consolida en outros Parlamentos³³, é o do deputado "compatible", isto é o deputado que a carón da súa actividade parlamentaria mantén unhas actividades privadas que xa existían antes da súa elección. Este esquema inicial non é facilmente conciliable co texto da Lei de Eleccións ó Parlamento de Galicia na súa redacción dada pola Lei 15/1992, xa que nos seus artigos 6 e 7 establece un ríxido sistema de incompatibilidades que incentivan "de facto" a profesionalización dos parlamentarios autonómicos, aspecto éste que como suñña Blanco Valdés contribúe ó desprestixio da clase política³⁴. A evolución no tratamento normativo das retribucións dos deputados conta con un antecedente de interese, o Acordo da Mesa da Cámara do 24 de xaneiro de 2006, mediante o que se adoptóu

³² Por exemplo na regulación das incompatibilidades parlamentarias do electos que teñan a condición de funcionarios públicos, xa que se lles permite compatibiliza-la súa actividade coa percepción da indemnización, que non é considerada a estes efectos coma "retribución periódica", a pesar de abonarse mensualmente.

³³ Así en Alemania, a tendencia do Tribunal constitucional según refire Arnim: "Entschädigung und Amtsausstattung" en *Parlamentsrecht und Parlamentspraxis*. Schneider/ Zeh (Eds.) Páxs. 523 e ss.

³⁴ Cfr. "Partidos, Estado, Sociedade. Nove teses para o debate". Revista *Leviatán*. Verán 1997. II Epoca. Páxina 93.

un criterio restrictivo acerca do devengo das indemnizacións, existentes naquel momento, por asistencia ás reunións das comisións parlamentarias. En efecto, en nese documento dispónse que os deputados e deputadas que asistan a unha sesión dunha comisión parlamentaria, sen formar parte dela como titular ou suplente, unicamente devengarán os gastos de desprazamento³⁵.

Outra cuestión que reiteradamente se pon enriba da mesa por parte dos señores deputados é o réxime de percepción de trienios, especialmente no caso de tratarse de parlamentarios que teñen a condición de funcionarios públicos. Os servizos xurídicos e a Intervención da Cámara tiveron ocasión de pronunciarse no seu informe do 30 de maio de 1994 sobre os criterios para o pago dos trienios, resultando que:

- a) Como normal xeral, o pago dos trienios dos funcionarios públicos en situación de servizos especiais debe efectuarse con cargo ás asignacións do posto ou cargo que desempeña.
- b) Excepcionalmente, como é o caso dos funcionarios que acceden á condición de membros das asembleas lexislativas das comunidades Autónomas e que perciben retribucións periódicas polo desempeño da súa función, o pago dos trienios debe efectuarse con cargo ó Departamento ó que figuraban adscritos na situación de servizo activo.
- c) Como froito da singularidade dos postos de traballo ao servizo das Corporacións locais o organismo indicado para o pago dos trienios recoñecidos ós funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional que accedan á condición de membros das asembleas lexislativas das comunidades autónomas, con percepción de retribucións periódicas polo desempeño da súa función, "debe se-lo Parlamento de Galicia. En caso contrario o Concello tería que pagar ó secretario que desempeña a praza que se atopa en Servizos Especiais e ademais os trienios do secretario que ten reservados, ó seu favor, a praza e destino".

³⁵ Criterio que polo demais parece coherente co disposto en ordenamentos coma o da Cámara de deputados italiana no que se descuentan as retribucións correspondentes aos días de inasistencia as sesións por parte dos parlamentarios. Cfr. Carlo Chimenti: *Principi e Regole Delle Assemblee Politiche*. Torino, 2004. Páxina 82.

O Acordo da Mesa do Parlamento de 15 de marzo de 2006 delimita un cambio importante no réxime económico dos deputados e deputadas e grupos parlamentarios da Cámara, clarificando en boa medida os conceptos retributivos e asumindo unha estrutura salarial semellante á existente nos restantes Parlamentos españois³⁶.

Deste xeito establécese unha asignación fixa mensual de 2075 euros que só cobrarán os deputados que teñan adicación exclusiva á Cámara. Complementariamente e con carácter xeral existen unhas indemnizacións que se desglosan en dúas clases. Por unha banda están as destinadas a retribuir o desempeño de certos cargos parlamentarios (Mesas e portavocías) e que teñen distinta contía segundo a relevancia do posto institucional. Finalmente consígnase unha contía mensual fixa para afrontar os gastos de aloxamento e manutención de 2092 euros, e ademais a reposición dos gastos de transporte para as reunións parlamentarias sexan de órganos da Cámara (sen límite) ou do grupo parlamentario (con un máximo de catro ó mes).

Este réxime de retribucións que tende a favorecer a adicación exclusiva ao Parlamento non empece para que tanto funcional como economicamente se sega a posibilitar a compatibilidade co cargo de concelleiro aínda que xurdiran dúbidas no seu momento sobre o alcance crematístico de tal compatibilidade. En efecto o informe dos Servizos Xurídicos da Cámara de 30 de xaneiro de 2002 á solicitude da Comisión do Estatuto dos Deputados ó abeiro do disposto na Lei autonómica 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ó Parlamento de Galicia, modificada pola Lei 15/1992, do 30 de decembro clarificou a cuestión.

A Lei electoral de Galicia no seu artigo 6, apartado 5, establece a incompatibilidade da adicación exclusiva ó Parlamento con calquera tipo de retribución ou percepción económica. Nembargantes, a aplicación desta norma requeriu no seu momento da aprobación, por parte da Mesa da Cámara, dun modelo de declaración de actividades, contida no anexo I do Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, do 4 de agosto de 1994.

³⁶ Este acordo pode consultarse na páxina Web da Cámara: www.parlamentodegalicia.es. Algúns autores como Blanco Valdés téñense pronunciado en contra por entender que supón unha suba das retribucións dos parlamentarios adoptada sen a transparencia necesaria. Vid. La Voz de Galicia do 19 de marzo de 2006. Para un estudo sistemático nas Cortes Xerais segue sendo fundamental a obra de Jiménez Aparicio; *Régimen jurídico de las retribuciones de los diputados y senadores*. Centro de Estudios Constitucionales. Madrid. 1994.

Do exame do disposto neste anexo derivase que as actividades e cargos públicos de carácter institucional ou de representación popular, segundo se dispón no apartado 2º.2.1 poden levar consigo as "axudas de custo, indemnización ou asistencias que lle correspondan".

Así pois, e tendo en conta o valor normativo dos acordos da Mesa do Parlamento nas materias intraparlamentarias, ao informe dos servizos da Cámara lle cabe deduci-la perfecta compatibilidade económica entre a adicación ó Parlamento e o cobro das axudas de custo indemnizacións, ou asistencias que correspondan polo cargo de concelleiro.

Outra importante faceta dos dereitos económicos está constituída polo aboamento con cargo ó Presuposto parlamentario das cotizacións da Seguridade Social e das mutualidades daqueles deputados que, como consecuencia da súa adicación parlamentaria, deixen de presta-lo servizo que motivaba a súa afiliación ou pertenza a aquelas. Enténdese pois que a cotización á Seguridade social se producirá no sistema no que se atope incorporado o electo, a diferenza doutros lexislativos que optan en todo caso pola incorporación ó Sistema xeral da Seguridade social³⁷.

Nesta orde de cousas o Parlamento de Galicia ten subscrito coa Seguridade Social, ó amparo da Orde Ministerial do 7 de decembro de 1981³⁸, un convenio de data 31 de xaneiro de 1983 segundo o cal se fai cargo da cotización dos deputados que causaron baixa, admitíndose sen problemas as novas incorporacións de deputados que desempeñan os seus cargos con adicación exclusiva. Con posterioridade e ó abeiro dos últimos cambios normativos subscribiuse un convenio formalizado o día 20 de setembro de 1999. Precisamente este novo marco normativo ten provocado problemas interpretativos en relación á actuación das Cámaras parlamentarias e a súa protección dos parlamentarios autonómicos que non cumpren todos os requisitos previstos no Convenio.

³⁷ Cfr. a recente incorporación do dereito austríaco pola lei federal de 15 de maio de 1997. Vid. Bulletin de L' Union interparlementaire. 1/97. 97 Conférence interparlementaire (Séoul, 10-15 avril 1997) páxina 98.

³⁸ Actualmente a materia é obxecto de regulación a través dun Real Decreto 704/ 1999, do 30 de abril, polo que se modifica a regulación relativa a suscripción do convenio especial ca Administración da Seguridade Social polos Parlamentos das Comunidades Autónomas en favor dos seus membros (BOE nº 104 do 1 de maio de 1999).

O principal motivo de polémica se suscita pola posibilidade contemplada no parágrafo terceiro da cláusula oitava do convenio especial antes citado no sentido de que os parlamentarios que o foran ó longo de dúas lexislaturas, que non tiveran 65 anos de idade na data de extinción do seu mandato parlamentario e non reuniran o tempo mínimo de cotización para ter dereito á pensión de xubilación, poderían acceder á mesma sempre que o Parlamento ingresase na Tesourería da Seguridade social a liquidación correspondente.

Segundo ten aclarado a xurisprudencia contenciosa³⁹ e se ten aplicado na práctica parlamentaria galega esta actuación do Parlamento é graciable de tal xeito que a Cámara non está obrigada a actuar coma intermediaria entre o deputado e o sistema de seguridade social, se ben a experiencia indica que ven existindo tal colaboración, que ademáis non provoca perxuiños de ningún tipo á Administración parlamentaria.

Distinto é o criterio do Lexislativo autonómico respecto da cotización por parte da Cámara da parte correspondente á cota empresarial nos supostos de adicación parcial por parte do deputado. Efectivamente, ante esta problemática optouse por entender que o cargo representativo de parlamentario autonómico (ex artigo 23 da Constitución) non é equiparable en absoluto a calquera outra figura do persoal ó servizo das administracións públicas (sexa laboral ou funcional), e polo tanto, non é posible o prorrateo da cotización entre o Parlamento e outras entidades que teñan a cualidade de empleadoras do suxeito do mandato parlamentario⁴⁰. Neste mesmo sentido esténdese a protección ós funcionarios públicos que pola súa adicación parlamentaria estean en situación de servizos especiais (excedencia segundo a terminoloxía regulamentaria), no que se refire ó pagamento ás cotas de clases pasivas.

Resulta descoñecida no noso ámbito unha garantía económica como a existencia de “axuda dactilográfica” do dereito francés⁴¹ ou as exencións de viaxe e asesores de que gozan os membros doutros Parlamentos, aínda que

³⁹ Neste senso a Sentencia nº 241/2004 do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Valenciana. Sala do Contencioso Administrativo, Sección segunda.

⁴⁰ En coherencia do expresado no texto maniféstase para as Cortes Xerais Emilio Jiménez Aparicio na súa obra: “Régime xurídico das retribucións dos deputados e senadores”. Ed. Centro de Estudios Constitucionais. Madrid. 1994. Páx.567 e ss.

⁴¹ Así o constatan Georges Burdeau e outros: *Manuel Droit Constitutionnel*. L.G.D.J. Paris. 1995. Páx. 563.

estas facilidades poden ser prestadas polos grupos parlamentarios respectivos, xa que contan con unha subvención da Cámara que poden asignar a estes cometidos.

O principio da VI lexislatura autonómica certos deputados suscitaron a posibilidade de que o Parlamento cotizase ante a Seguridade Social pola continxencia do desemprego, cuestión que foi desbotada pola Institución do Estado, xa que os cargos públicos representativos non teñen a condición de traballadores por conta allea ós que lle é de aplicación tal continxencia.

e) O problemático dereito "de iniciativa"

O principio xeral no dereito parlamentario de Galicia é que as iniciativas parlamentarias se perfeccionan coa súa presentación e admisión a trámite no caso de cumpriren os trámites regulamentarios. Aquí remataría o *ius ut procedatur* dos parlamentarios, xa que non se acolle con carácter xeral un dereito á inclusión inmediata de calquera iniciativa nunha orde do día para o seu debate e, se é o caso, votación. Esta solución aparece corroborada pola xurisprudencia constitucional que, en Sentenzas como a 40 de 2003 no seu fundamento xurídico terceiro, define a función representativa como comprensiva da "facultade de presentar as iniciativas coa finalidade de promover unha deliberación na Cámara", mais non inclúe explicitamente o eventual dereito a que a iniciativa se someta a debate de xeito inmediato e por petición do seu autor.

No dereito parlamentario italiano autores como Giuseppe Castiglia⁴² entenden que o dereito de iniciativa dos deputados ven de sufrir unha fonda modificación por efecto de recentes modificacións regulamentarias que ao tempo que aboliron o voto segredo reforzaron os instrumentos de planificación da actividade parlamentaria mediante a dosificación dos tempos na Cámara.

Nesta orde de cousas, resulta de interese a máis recente xurisprudencia constitucional en relación co tratamento das iniciativas parlamentarias polos órganos da Cámara que teñen atribuída a potestade de "decidir a tramitación de todos os escritos e documentos de índole parlamentaria,

⁴² *Maggioranza e opposizioni nelle procedure parlamentari*. A cura di Emanuele Rossi. Cedam. Padova. 2004. Páxinas 6 e 7.

de acordo ás normas establecidas no Regulamento". En efecto, a Sentenza do Tribunal Constitucional 208 de 2003, en relación cunha iniciativa presentada polo Grupo Parlamentario Socialista no Congreso dos Deputados afirma expresamente que non ofrece ningunha dúbida que a facultade de propoñer as iniciativas forma parte do *ius in officium* dos deputados, mais esta facultade unha vez cualificada a iniciativa pola Mesa da Cámara, vese trasladada ao seo do órgano competente para a súa substanciación, que debe decidir ao respecto (no citado proceso constitucional, á Comisión parlamentaria en relación coa comparecencia ante a Comisión de Xustiza e Interior do presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial).

O Tribunal Constitucional vai máis alá e no fundamento xurídico noveno da citada Sentenza entende que a iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista entrañaba unha mera proposta que o órgano competente para substanciar podía aceptar ou non. Como pode observarse, o Tribunal distingue de xeito nido entre a facultade de iniciativa que, por definición, é xeral e sometido aos mínimos requisitos procesuais, e a decisión sobre o contido da sesión que debe plasmarse na orde do día, na que debe rexer o principio maioritario de xeral aplicación nas cámaras parlamentarias.

Seguindo estas argumentacións o Informe dos Servizos Xurídicos do Parlamento de Galicia do 30 de marzo de 2006 conclúe a inexistencia dun dereito (individual ou grupal) de carácter xeral á inclusión das iniciativas por parte dos lexitimados na orde do día dun órgano parlamentario. Entendo que, a salvo de reformas regulamentarias concretas, esta doutrina non é cuestionable, sempre e cando se respecte o contido esencial do dereito ex artigo 23 da Constitución, isto é non se produza un veto do dereito de participación que sería tutelable mediante o correspondente recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional.

III. O Estatuto dos Deputados: deberes

a) Deber de asistencia

Dende o clásico estudo de P. Díez Lago⁴³ tendese a considerar o deber de asistencia como unha conxunción do interese persoal, e político,

⁴³ "El deber de asistencia de los parlamentarios". *Revista de las Cortes Generales*. Nº 23. 1991. páxina 33.

do parlamentarario co interese xeral do eficaz desenvolvemento das funcións parlamentarias, atribuídas á Cámara como órgano colexiado pero das que son actores indispensables os parlamentarios.

De xeito paralelo ó dereito de asistir contéplase a obriga de estar presentes nas sesións do Pleno do Parlamento e das Comisións das que se forme parte. Como xa apuntei ó trata-lo dereito de asistencia, este é un aspecto que se ve moi condicionado pola práctica das substitucións entre membros dun mesmo grupo, que se admite dun xeito moi flexible na Cámara autonómica. O aspecto descoñecido no dereito parlamentarario de Galicia é o da xustificación das ausencias por enfermidade, accidentes, xestión, parto, acontecementos familiares graves ou participación en delegacións parlamentarias no estranxeiro⁴⁴.

O auto do TC 1227/1988 entende que o deber de asistencia é básico para os deputados e conceptúa coma constitucionais as sancións que poidan impoñerse ós parlamentarios que infrinxan esta obriga, se ben sometidas ós criterios de proporcionalidade e razoabilidade. Este criterio xurisprudencial xerou unha corrente doctrinal (Bermejo Garde)⁴⁵ que tende a garanti-lo procedemento a través do que poida eventualmente sancionarse o incumprimento do deber de asistencia, e que merece o meu total respaldo.

O absentismo parlamentarario é máis habitual nas sesións plenarias que nas das Comisións, aínda que a diferenciación máis manifesta se produce entre as sesións de control e aquelas que tratan temas lexislativos e de impulso. Nas primeiras, ó non ser precisa a votación dos parlamentarios, resulta habitual a presenza dos membros do Goberno ou altos cargos e dos deputados que suscitan a súa pregunta ou interpelación, ausentándose a práctica totalidade dos restantes membros do órgano. Nembargantes, nas sesións en que se producen votacións, ó non admitirse no dereito parlamentarario galego, a figura da delegación do voto, faise precisa a presenza continuada dos parlamentarios incluso para a validez dos acordos adoptados.

Esta é unha cuestión que ten dado lugar no dereito comparado á introducción do mecanismo da substitución dos parlamentarios, instituto que é

⁴⁴ Para o suposto do parto resulta de interese por innovadora a disposición do antigo regulamento andaluz (artigo 86) que exime da presenza ás deputadas nos casos de votacións públicas por chamamento.

⁴⁵ Cfr. o seu traballo: "A suspensión dos dereitos dos membros do Parlamento de Navarra". *Revista Xurídica de Navarra*, xulio-décembro 1989, n^o8, páxs. 327-348.

descoñecido no noso dereito. En efecto resulta de interese unha disposición como a contida no artigo 42 do Regulamento da Asamblea Popular de Dinamarca que establece a posibilidade de que un deputado se poida ausentar e ser substituído durante o período de ausencia⁴⁶.

Como xa apuntéi noutro lugar, a posibilidade de que os membros da Xunta sexan parlamentarios provoca altos grados de absentismo nos traballos da Cámara por parte destes deputados, fenómeno que polo demáis e común en outros Parlamentos como o italiano e que recibe a crítica doctrinal (así G. Recchia) ó entender máis positiva a incompatibilidade nestes casos⁴⁷.

b) Deber de “boa conducta”

Como xa apuntéi⁴⁸ noutro lugar este deber parlamentario está fundamentalmente relacionado co que a doutrina denomina “situacións xurídicas subxectivas sobre as que se articula a potestade disciplinaria” e polo tanto é susceptible de dúas análises moi diferentes entre sí: a disciplinaria e a integradora do estatus do deputado.

O Regulamento establece que os deputados están obrigados a axeita-la súa conducta ó Regulamento e a respecta-la orde e disciplina parlamentarias. Non se trata de normas xurídicas imperfectas por canto os artigos 100 e seguintes establecen as sancións que poidan traer consigo os incumprimentos parlamentarios que poidan ter os señores deputados.

Distinta dimensión ten a obriga de respecta-la cortesía parlamentaria posto que nos movemos nun ámbito que só os costumes e prácticas parlamentarias teñen delimitado, a pesar de contar cunha importante tradición no constitucionalismo europeo e non ser incorporado nos textos regulamentarios⁴⁹. Trátase como sinalóu no seu momento Biscaretti di Ruffia dun

⁴⁶ Exemplo tomado do manual de Soriano Hernández: “El Estatuto de los parlamentarios de las Comunidades autónomas”. Cit. Supra. Páxina 178. Este autor cita tamén o caso portugués e o sueco.

⁴⁷ Cfr. G. Recchia: “L’opportunità di accentuare le incompatibilità parlamentari”, *Parlamento* (Rivista di vita politica e parlamentare) n.º 10 e 11, outubro-novembro de 1993, páxs 17 e ss. Para o caso galego pode consultarse o meu traballo: “As incompatibilidades dos membros da Xunta e demáis altos cargos”. *Dereito* Volume 5, n.º 1.1996. Páxs. 331 a 353.

⁴⁸ No meu traballo: “Las sanciones por incumplimiento de los deberes parlamentarios”. Publicada na revista *Corts. Anuario de Derecho Parlamentario*. N.º 9. Valencia. 2000. Páxinas 317 e seguintes.

⁴⁹ Singularmente interesante neste sentido, resulta a obra de Biscaretti di Ruffia: *Le Norme della Correttezza Costituzionale*. Giuffrè- Editore. Milano, 1939.

"ánimo cabaleiresco", do respecto ás normas do xogo limpo, que as veces se confunde no noso contexto con prácticas espúreas coma o "pairing", que posibilita a ausencia concertada de dous deputados da maioría e da oposición para non varia-lo resultado das votacións.

Certamente os exemplos clásicos de cortesía consistentes en non indicar nunca polo nome, no transcurso dos debates, a un membro da Cámara, non se dan no Parlamento de Galicia, no que ten calado fundamente a idea de que estas situacións están dentro do xogo parlamentario. Cazorla Prieto⁵⁰ estende a idea da cortesía parlamentaria como un deber do deputado que non se limita "ad intra" senón que debe afectar extramuros da Cámara a terceiros, persoas físicas ou institucións alleas á Cámara.

Entre a doutrina galega⁵¹ se ten afirmado que a concepción tradicional da cortesía procedente da tradición parlamentaria británica descansaba na convicción de que os parlamentarios eran "gentlemen" que facían gala dun gran sentido do deber e moi respectuosos coas convencións e as demais regras do "fair play".

Unha terceira faceta deste deber de boa conducta é a obriga de non divulgar-las actuacións que, segundo o disposto no Regulamento, poidan ter excepcionalmente o carácter de secretas. Trátase das sesións previstas no texto regulamentario no seu artigo 70 e que teñen, como xa se dixo, un carácter excepcional pois a publicidade parlamentaria é segundo apuntou Habermas⁵² un elemento consustancial do parlamentarismo moderno.

Na práctica parlamentaria, a publicidade que rexe as actuacións provoca que algúns "acordos políticos" teñan contrariado o texto do Regulamento, producindo sesións públicas que en teoría deberan ser secretas (o caso extremo diuse no debate de certos dictames da Comisión do Estatuto dos deputados no Pleno da Cámara). Como ten sinalado Aguiló Lúcia⁵³ a decla-

⁵⁰ No seu libro *La oratoria parlamentaria*. Espasa Calpe. Madrid. 1985. Páxina 124. Nese lugar tamén defende a "tendencia expansiva da cortesía parlamentaria no sistema parlamentario español en beneficio das boas formas e do respecto xeral que debe reinar nas Cámaras".

⁵¹ Pereira Menaut, A. C., *El ejemplo constitucional de Inglaterra*. Universidad complutense. Madrid. 1992. páxina 92.

⁵² *Historia y crítica de la opinión pública. La transformación estructural de la vida pública*. Ed. GG. Mass Media. Madrid. 1981.

⁵³ "El debate secreto de las comisiones de investigación y el derecho al honor, la intimidad y la propia imagen". *Parlamento y opinión pública*. Tecnos. Madrid. Asociación española de letrados de Parlamentos. 1995. Páxinas 203 e seguintes.

ración do segredo de certas sesións parlamentarias pode conducir a que en vez de protexerse o dereito á honra e a intimidade dos que está afectados realmente se impide a posibilidade de defensa dos comparecentes afectados polo tratado nesas sesións.

En definitiva, o Parlamento autonómico de finais de século é tamén un “parlamento de medios”, cos problemas que esto acarrea o poder incorrer no perigo de non distinguir nidiamente o politicamente importante do accesorio⁵⁴.

c) A condición de parlamentario e as actividades privadas: o chamado Deber de “non prevalencia”

Atopámonos ante una situación que, en palabras de Santaolalla⁵⁵, non merecería ser castigada pola disciplina interna das Cámaras senón que, por afectar a conductas que se producirían no ámbito externo, sería máis razoable que se perseguiran pola Administración de Xustiza.

Os deputados autonómicos non poden invocar ou facer uso da súa condición de parlamentarios para o exercicio de actividade mercantil, industrial ou profesional. Trátase dunha obriga xeneralizada nos Parlamentos tanto continentais coma na tradición anglosaxona⁵⁶.

O deber atópase fondamente unido cón certas incompatibilidades que foron engadidas tra-la reforma electoral pola Lei 15/1992, en concreto aquelas que teñen relación con actividades de xestión ou dirección ante a Administración pública galega en asuntos que teñan que resolver e que afecten directamente a realización dalgún servicio público ou que estean encamiñados á obtención de subvencións ou avais públicos.

⁵⁴ Cfr. Ulrich Sarcinelli: “¿ Da democracia parlamentaria e representativa á democracia dos medios?”, en *Contribucións. Medios de comunicación e intermediación política*, nº 2/1997. Páxinas 7 a 21. A publicidade da Cámara ten unha nova dimensión dende a retransmisión por internet de todas as sesións a partires do inicio da VII lexislatura. Igualmente e dende esa data se proporcionan as sesións as televisións locais de Galicia para a súa emisión voluntaria.

⁵⁵ No seu manual: *Derecho Parlamentario Español*. Espasa Universidad. Madrid. 1990. Páxina 135.

⁵⁶ Así nun ámbito tan alleo ó noso coma o das novas democracias africanas cercanas ó parlamentarismo británico. N.M. Chibesakunda: “Declaring interests” The parliamentary and ministerial code of conduct in Zambia. *The Parliamentarian. Journal of the parliaments of the Commonwealth*. LXXVIII nº 3. Páxina 260.

Este mandato non pode evita-lo dato obxectivo da posición privilexiada en que se atopa os representantes públicos, que polas súas relacións e niveis de información gozan dunha preeminencia evidente no desenvolvemento do tráfico económico da Comunidade autónoma. Ó meu ver só se trata de impedir a publicidade e ostentación do seu estatus de parlamentario no eido das súas actividades privadas.

A outra faciana do problema que se manifesta presente na cuestión da prevalencia ou non na actuación dos parlamentarios é a da correcta identificación por parte dos electores das actuacións dos seus representantes, isto é a prohibición de certas conductas pode conducir a que estas se leven a cabo indirectamente por entender que son plenamente necesarias para o correcto desenvolvemento do seu mandato popular. Este fenómeno e as súas consecuencias no caso das relacións entre o Estado federado e a Federación foron estudias por Fritz W. Scharpf⁵⁷ que valora positivamente no caso alemán a existencia dunha relación dinámica que conduce a unha mellor explicación e coñecemento da responsabilidade das decisións públicas.

d) Deber de realizar declaracións de bens e actividades

O inicio do seu mandato os deputados deben presentar unha declaración dos seus bens e daquelas actividades que lles proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos. O Regulamento galego establece que a citada declaración deberá ser notarial, nembargantes a práctica parlamentaria decántase a prol da admisión da declaración feita nos formularios oficiais, sen necesidade de participación dun fedatario público.

A existencia duns formularios oficiais para consigna-las actividades e bens foi abordada pola Mesa do Parlamento a través da súa resolución publicada no Boletín Oficial do Parlamento do 4 de agosto de 1994. A través desta documentación depositada na Oficialía Maior prodúcese a necesaria "fe pública parlamentaria" que obvia á citada intervención notarial.

A relevancia das declaracións conduce a que o transcendente sexan as actividades en sí e non a potencial produción de ingresos. Nesta liña

⁵⁷ "Die Politikverflechtungs-Fälle: Europäische Integration und deutscher Föderalismus im Vergleich". *Politische Vierteljahresschrift*, 26, 1985. En parecidos termos Ute Wachendorfer-Schmidt. *Politikverflechtung im Deutschland*. Wtdt. Verlag, Wiesbaden, 2003.

solicítase que se fagan constar tanto os ingresos actuais como as actividades que poidan xerar ingresos no futuro.

Os prazos que delimitan esta declaración teñen uns efectos moi distintos. Deste xeito a declaración inicial é requisito para adquisición plena da condición de deputado, facéndose necesaria pois a súa presentación antes de que transcorran tres sesións plenarias. Nembargantes a declaración final que o deputado debe presentar dentro do prazo dos trinta días naturais seguintes á perda da condición de parlamentario é raramente respectada no legislativo autonómico. Neste sentido a norma sétima reguladora do rexistro de intereses da Cámara establece que en caso de incumprimento haberá que a terse ó disposto no artigo 7º do Regulamento, que coma vimos de comentar establece os requisitos para a adquisición plena de deputado. Polo tanto non se soluciona o problema do incumprimento da presentación final da declaración de bens, o non impoñer sanción algunha polo seu incumprimento.⁵⁸

O rexistro de intereses configúrase coma un instrumento no que deberán constar as declaracións de actividades e bens, quedando baixo a dependencia directa do presidente, e posibilitándose o acceso logo da autorización do mesmo oída a Mesa da Cámara. Un réxime de singular rigor é o seguido para as declaracións de bens patrimoniais que soamente poderán quedar a disposición da Comisión do Estatuto dos Deputados e nunca con carácter externo. Así a práctica parlamentaria da IV Lexislatura coñece distintas ocasións nas que as declaracións de bens foron abertas no seo da Comisión de Estatuto en presenza do deputado afectado, e con formulación da acta de comparecencia correspondente ante o letrado da comisión.

e) Deber de observa-las normas sobre incompatibilidades

Trátase dunha obriga que supera o ámbito estritamente parlamentario para adquirir relevancia global dentro do sistema político, e así o ten entendido a doutrina italiana (R. Scarciglia) ao ocuparse do debate actual sobre a reforma do sistema de goberno⁵⁹.

⁵⁸ Esta práctica é tamén común nas Cortes Xerais a pesar dos reiterados chamamentos da Comisión do Estatuto do Deputado. Así a noticia de *Europa Press* do domingo 31 de decembro de 1995.

⁵⁹ Cfr. Roberto Scarciglia: "La ratio delle cause di ineleggibilità: profili ricostruttivi e tilievi critici". *Quaderni Costituzionali*. Anno XVII, nº2. Agosto 1997. Páxina 356.

Este alcance fundamental ten sido subliñado pola Comisión do Estatuto dos deputados con ocasión de certos asuntos suscitados na sexta lexislatura da Cámara autonómica. En concreto no mes de decembro de 2001 ese órgano tivo que manifestarse sobre a compatibilidade da condición de deputado coa de Presidenta dun Consello regulador de denominación de orixe, recollendo *obiter dicta*, algunhas consideracións de interese para a correcta comprensión da institución.

Neste sentido deixouse constancia de que as causas de incompatibilidade coa condición de deputado do Parlamento de Galicia están enumeradas no artigo 6 da Lei de Eleccións ao Parlamento de Galicia. A razón que xustifica a súa existencia está en posibilita-lo exercicio da función constitucional de control da acción do Goberno e da súa Administración, control que podería quedar virtualmente imposibilitado se os deputados se convertiran en suxeitos controladores e, ó mesmo tempo, controlados. Como é sabido, as normas que regulan as incompatibilidades deben ser obxecto dunha interpretación estricta posto que impiden o acceso a un cargo público representativo (STC 45/1983).

Dende unha perspectiva esexética non hai que facer grandes esforzos interpretativos para chegar á conclusión de que a Presidencia dun Consello Regulador non é subsumible nos supostos xerais previsto no citado artigo 6. Sen embargo, sí podía subscitar dúbidas o seu encadramento na letra b) do apartado 3 que, completado co parágrafo introductorio do apartado 3, di o seguinte:

"b) Os Presidentes de Consellos de Administración, Conselleiros, Administradores, Directores Xerais, Xerentes e cargos equivalentes de entes públicos e empresas de participación pública maioritaria, calquera que sexa a súa forma, incluídas as Caixas de Aforro de fundación pública.

Os cargos ós que se refire o parágrafo anterior non constituirán causa de incompatibilidade cando se posúan por representación sindical ou pola súa condición de membro do Goberno autónomo ou de Corporación local."

Dunha lectura atenta do precepto tírase que é sintacticamente ambiguo xa que é difícil determinar con certeza se a frase "calquera que sexa a súa forma", refírese a "empresas de participación pública maioritaria", a "entes públicos", ou a estas dúas cousas. Pero tamén é semanticamente ambiguo pois a expresión "entes públicos" pode referirse a diversas reali-

dades administrativas. Sen embargo, non hai dúbida sobre o sentido do termo “empresas de participación pública maioritaria”, pois a disposición adicional primeira da Lei de réxime financeiro orzamentario de Galicia establece que as referencias a “empresas públicas” deben entenderse feitas a “sociedades públicas”. De maneira que, cando as sociedades públicas son do tipo “sociedade mercantil”, no seu capital social debe ter participación maioritaria o sector público (artigo 12.1.a) LRFOG), e deben adopta-la forma de sociedade anónima ou de responsabilidade limitada (artigo 45.3 da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma galega).

En resumo esta ambigüidade pode salvarse por unha razón gramatical: o antecedente máis próximo é “empresa de participación pública maioritaria”. Pero tamén por unha razón lóxico-sistemática, xa que como acabo de indicar, no capital social das agora sociedades públicas mercantís a participación do sector público debe ser maioritaria e estas poden adopta-la forma dalgunha das sociedades de capital establecidas no ordenamento xurídico privado.

Por outra parte, os conceptos “presidentes do Consello de Administración, conselleiros, administradores, directores xerais, xerentes e cargos equivalentes” están sempre asociados a organizacións públicas instrumentais da Administración xeral, como veremos, e denotan cargos directivos.

Feitas estas aclaracións, o texto da letra b) do apartado 3, que configura o presuposto de feito da norma de incompatibilidade, pode descompoñerse en tres enunciados:

- Cargos directivos en entes públicos.
- Cargos directivos en empresas de participación pública maioritaria calquera que sexa a súa forma.
- Cargos directivos en caixas de aforros de fundación pública. Coa excepción do parágrafo 2.

Cabe plantexar a inclusión deste suposto nalgún deses enunciados:

- a) Cargos directivos en entes públicos.

O termo ente público aplícase indefectiblemente a organizacións públicas personificadas pertencentes integramente ó sector público: organismo autónomos administrativos, comerciais, industriais, financeiros; entidades

de dereito público ou fundacións públicas. Por exemplo, a Escola Galega de Administración Pública, o Instituto lácteo e gandeiro de Galicia, a Cía. de Radio Televisión de Galicia. Incluso a entidade de dereito público portos de Galicia identificase xenericamente na súa lei reguladora como ente público.

b) Cargos directivos en empresas de participación pública maioritaria, calquera que sexa a súa forma.

Entendo que quedou suficientemente explicado que a antedita locución alude ás sociedades públicas mercantís.

c) Cargos directivos en caixas de aforros de fundación pública.

As caixas de aforro réxense pola súa normativa específica. En Galicia pola Lei 4/1996, do 31 de maio, que as concibe como entidades financeiras de carácter social e de natureza fundacional (artigo 2).

Fica, pois, claro que o Consello regulador da denominación de orixe non é un ente público, nin unha sociedade pública mercantil, nin unha caixa de aforros e polo tanto o posto de presidente do Consello regulador da denominación de orixe Rías Baixas é funcionalmente compatible co cargo de deputado do Parlamento de Galicia.

O dereito parlamentario galego consagra un réxime especial para a Comisión do Estatuto dos Deputados en relación coas restantes comisións parlamentarias. Este réxime é similar ó previsto no Regulamento do Congreso dos Deputados que posteriormente foi abandonado no caso da Cámara Alta, na súa última reforma regulamentaria.⁶⁰

A actividade da Comisión consiste en elevarlle ó Pleno as súas propostas sobre a *situación de incompatibilidade* de cada deputado no prazo dos vinte días seguintes contados a partir da plena asunción polo mesmo da súa condición de deputado. Este procedemento suscitou dúbidas que

⁶⁰ Así o artigo 15 do Regulamento do Senado establece que non poderán formar parte da Comisión de incompatibilidades os senadores que a xuízo da Mesa poidan estar incurso nas normas relativas a incompatibilidades nin, en calquera caso, aqueles que ocupen postos ou cargos de libre designación do Goberno. O informe dos Servizos Xurídicos do Parlamento de Galicia do 18 de agosto de 2003 deixou asentado que os criterios fixados con carácter xeral no artigo 74 do Regulamento sonlle tamén de aplicación á Comisión do Estatuto dos deputados.

levaron a que o Pleno da Cámara (na quinta lexislatura) coñecera en algunha ocasión de propostas feitas pola Comisión de Estatuto nas que non se cuestionaba a situación de incompatibilidade, producíndose a situación paradoxal de que o Pleno se pronunciase sobre un voto particular (formulado pola minoría) que o Dictame de compatibilidade da Comisión de Estatuto dos deputados contiña.

Nesta actividade fiscalizadora a actuación da Comisión debe ser totalmente respectuosa coa legalidade reguladora das incompatibilidades, de tal xeito que en ningún caso poderá interpretar extensivamente as causas de incompatibilidade previstas na lexislación electoral. Principio éste que polo demais, e como apunta Barret⁶¹ para o caso estadounidense, é común nos sistemas xurídicos contemporáneos.

Neste mesmo sentido pode referirse o informe dos servizos xurídicos do Parlamento de 17 de marzo de 1994 acerca da compatibilidade da condición de parlamentario co exercicio do de asesor especial no Gabinete do presidente da Xunta de Galicia, en réxime eventual e sometido ó disposto na Lei 4/88, do 26 de maio, da Función pública de Galicia. Ante a ausencia dun encaixe claro da situación suscitada na normativa reguladora das incompatibilidades dos parlamentarios tal informe concluíu que existe a incompatibilidade económica e, polo tanto e ó abeiro do art. 6.5 da Lei de eleccións ao Parlamento so podería percibir dos presupostos do Parlamento de Galicia as indemnizacións e dereitos de asistencia correspondentes para o cumprimento das súas funcións parlamentarias pero non se da unha incompatibilidade funcional entre as dúas situacións.

Obviamente o funcionamento da Comisión pode producirse ó longo de toda a Lexislatura, o que obriga a calquera deputado a comunica-las alteracións que se produzan na súa declaración formulada para efectos de incompatibilidades.⁶² Esta regulación é dificilmente entendible dende a

⁶¹ Cfr. Barret, E.L.;Cohen, W. e Varat, J.D., *Constitutional Law. Cases and materials*, The Foundation Press Inc., Westbury (N.Y.), 1989 (8ª edic.), páxs. 147 e ss.

⁶² Como consecuencia do incumprimento das obrigas de respecta-las incompatibilidades o Parlamento de Galicia viuse na situación de defender os seus dereitos ante un deputado que gozou dos dereitos económicos cando estaba a desenvolver actividades incompatibles. A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 28 de novembro de 2001 decidiu condenar o deputado á restitución da cantidade de 5.780.862 pts. que cobrara indebidamente.

perspectiva do artigo 7 da Lei de eleccións ó Parlamento de Galicia, xa que podería producirse o suposto de que o deputado en situación constitutiva de incompatibilidade tivese que cesar no seu cargo conforme ó previsto na lexislación electoral, namentras que o Regulamento lle outorga o prazo de oito días para optar entre o escano e o cargo incompatible. A solución a este problema debe se-la de dar un prazo de oito días ó parlamentario entendendo que cesa na súa condición de deputado se non exercita a opción no prazo sinalado.

Os servizos xurídicos da Cámara tiveron ocasión de pronunciarse igualmente sobre a asunción do cargo de presidente da empresa SOGAMA, S.A. (Sociedade galega do medio ambiente) por parte dun señor deputado entendendo que non o fai incorrer en causa de incompatibilidade, por estar prevista tal situación no artigo 6.3, apartado b), da Lei de eleccións ó Parlamento de Galicia. A tal conclusión chegaron atendendo á discrecionalidade que ten o Goberno galego á hora de designar a calquera dos seus membros como representante da participación accionarial da Xunta en calquera empresa pública, con independencia da súa afinidade competencial, pois a participación accionarial instrumentase desde a Consellería habilitadora dos fondos, que é a de Economía e Facenda.

Como xa ten manifestado a Comisión do Estatuto dos Deputados noutras ocasións (entre elas a reunión do 5 do xullo de 1994), non constitúe función dela pronunciarse sobre a compatibilidade funcional e, se é o caso, económica entre a condición de conselleiro e membro dos consellos de administración das empresas públicas, xa que esta materia lles vén atribuída legalmente á Inspección Xeral de Servizos e á Intervención Xeral da Xunta

Dende o punto de vista do procedemento penso que resulta de interese a incorporación en sede parlamentaria dunha disposición semellante á Orde de 2 de marzo de 2006 pola que se crea o ficheiro de datos de carácter persoal que conforma o Rexistro de declaración de actividades e intereses e de bens patrimoniais de altos cargos da Xunta de Galicia⁶³. Aínda que a prerrogativa da autonomía administrativa e de goberno interno da Cámara poida xustificar a ausencia dunha norma intraparlamentaria ao respecto entendendo que a lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de

⁶³ Dog n° 68 do 6 de abril de 2006.

datos de carácter persoal⁶⁴ dispón un réxime de doado cumprimento pola Cámara parlamentaria e que non se inmiscúe necesariamente na súa postestade de autoorganización.

Outra faceta do deber de observar incompatibilidades está constituída coa obriga que ten todo membro do Parlamento que se ocupe directamente no marco da súa profesión ou dunha actividade remunerada, dunha cuestión que é obxecto de debate no Pleno ou nunha Comisión de manifestalo con anterioridade. Realmente esta previsión só rexerá para os supostos nos que se trate un asunto puntual que afecte ó ámbito privado do deputado, posto que precisamente unha das razóns de ser das Comisións parlamentarias é o de permiti-la especialización dos deputados nos sectores da vida social que lle son máis achegados.

Unha problemática lindeira coa apuntada resolveuse polo informe dos Servizos Xurídicos do Parlamento do 17 de marzo de 1994 en relación coa situación dun deputado ao acceder ó cargo de secretario dunha Fundación con recursos públicos. O criterio amosado consiste en que non se atoparía incurso na causa de incompatibilidade funcional prevista no art. 6.4 a) da Lei de Eleccións ao Parlamento de Galicia sempre que o presidente-executivo da Fundación non lle delegase, mediante un poder de substitución, as facultades de xestión e administración (previstas nese caso nos arts. 8 e 12 dos estatutos fundacionais) e, facendo uso delas, non realizase o substituto as actividades indicadas no mencionado art. 6.4 a) da LEPG, senón que se limitase a levar a cabo as funcións típicas dun letrado-secretario, a saber: a de asesoramento xurídico e a de certificación dos acordos tomados polos órganos xestores.

IV. O Estatuto dos Deputados: prerrogativas

Neste momento do Estado constitucional resulta indiscutible que as prerrogativas parlamentarias son uns instrumentos creados polo ordenamento en favor das Cámaras, e non como privilexios dos deputados⁶⁵. Deste xeito o Regulamento parlamentario galego coñece tres mecanismos de tutela da súa independencia, que a seguir imos comentar.

⁶⁴ E máis os reais decretos 428/1993, 1332/1994 e 994/1999.

⁶⁵ Cfr. Eloy García: *"Inmunidade parlamentaria e Estado de partidos"*, TECNOS, Madrid 1988, pags. 23-24.

a) A inviolabilidade

Trátase dun instituto de fonda raíz no parlamentarismo pero que ven de ser sometido a fondos debates no noso entorno como apunta para o caso italiano Antonio d' Andrea⁶⁶ con motivo da súa análise do artigo 68 da Constitución daquel país. Esta prerrogativa supón que ós deputados, incluso despois de cesar no seu mandato, non se lles pode esixir responsabilidade polos votos emitidos e polas opinións manifestadas no exercicio das súas funcións. A xurisprudencia constitucional delimitou nidiamente o fundamento desta prerrogativa no obxectivo de garantir a liberdade e independencia a institución parlamentaria, aínda que recoñecendo a súa incidencia negativa no ámbito do dereito á tutela xudicial (STC 243/1988, do 19 de decembro).

O intérprete máximo da Constitución enmarca o seu labor na tendencia recente⁶⁷ que critica a permanencia da inviolabilidade e así delimita o ámbito desta institución dicindo que garante a irresponsabilidade xurídica dos parlamentarios polas opinións manifestadas en actos parlamentarios e no seo de calquera das articulacións do Parlamento ou, por excepción, nos actos exteriores á vida das Cámaras que sexan reprodución literal dun acto parlamentario. Trátase en definitiva de asegurar a libre formación da vontade do órgano legislativo ó que pertencen os parlamentarios (STC 36/1981).

O contido desta garantía da inviolabilidade é expansiva respecto ao papel institucional do parlamentario e así o entendeu o informe dos Servizos Xurídicos do Parlamento de Galicia do 9 de marzo de 2001. Tendo en conta os preceptos constitucionais e estatutarios e a doutrina sentada polo Tribunal Constitucional, a Mesa non pode atender unha petición da Consellería da Presidencia e Administración Pública e adoitado un acordo de requirimento a un deputado para que poña a disposición da Consellería de Familia e Promoción de Emprego a documentación que obre no seu poder respecto a certo asunto (no caso en cuestión tratábase dos gastos de funcionamento de cursos do plan FIP, realizados pola Confederación de Empresarios en Santiago).

⁶⁶ *Autonomia Costituzionale delle Camere e principio di legalità*. Giuffrè editore. Milano. 2004. Páxina 22.

⁶⁷ Así Fernández Segado, Francisco: "As prerrogativas parlamentarias na xurisprudencia constitucional". Revista das Cortes Xerais. nº 38. 1996. Páxina 16.

De xeito complementario semella difícil establecer algunha norma interna parlamentaria que lle esixa a un deputado a entrega dun documento, utilizado por el no curso dunha sesión. E de existir resultaría pouco respectuosa cos seus dereitos e prerrogativas tal e como se delimitan no Título II do Regulamento da Cámara.

Unha matización importante que debe facerse é a que atingue ó ámbito de actuacións da Comisión do Estatuto dos Deputados en relación coa inviolabilidade dos parlamentarios. É habitual a presentación de iniciativas ante a Comisión solicitando que esta garanta o respecto da inviolabilidade de certos membros da Cámara. A actuación dos membros da Comisión non pode ser outra que a de tomar coñecemento dos feitos que se lle comunican e absterse de adoptar resolución algunha, posto que a Comisión non ten conferidas competencias a este respecto.

b) A inmunidade limitada

Os deputados galegos durante o seu mandato non poden ser detidos nen retidos polos actos delictuosos cometidos no territorio de Galicia senón en caso de flagrante delito. O Regulamento Autonómico é respetuoso coa xurisprudencia constitucional que interpretou a ausencia de previsión estatutaria sobre a existencia de suplicatorios⁶⁸ como a imposibilidade de introducilos mediante lexislación ordinaria (STC 36/1981, de 12 de novembro). Nesta orde de cousas os parlamentarios autonómicos so gozan dun aforamento especial, posto que lle corresponde decidir en todo caso sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo ó Tribunal Superior de Xusticia de Galicia, reservándose á Sala do penal do Tribunal Supremo a esixencia da responsabilidade penal fóra do territorio de Galicia.

c) "Amparo presidencial": A salvagarda dos dereitos polo presidente da Cámara

Esta garantía outorgada ós deputados non ven referida, a diferenza das dúas anteriores no artigo 11 apartado 3 do Estatuto de Autonomía para Galicia. Consiste en que o presidente do Parlamento, unha vez coñecida a

⁶⁸ Procedementos que, por outra banda, segundo o recente auto do TS de 14 de novembro de 1996 deben de contar con unha constatación previa por parte da sala do citado tribunal sobre o sólido fundamento da acción penal que se pretende exercitar.

detención ou retención dun deputado, ou calquera outra actuación xudicial ou gobernativa que obstaculice o exercicio da súa función parlamentaria, adopte de inmediato, cantas medidas coide oportunas, co fin de salvagardalos dereitos e as prerrogativas da Cámara e mais dos seus membros.

Resulta difícil de imaxina-las medidas ás que fai referencia o texto regulamentario, posto que en todo caso non poderan supera-las meras xestións para garantí-lo coñecemento da condición de deputado por parte das autoridades que obstaculicen o exercicio das funcións do deputado⁶⁹.

Á vista do dito precepto, a principal cuestión a determinar sería a do seu exacto sentido e alcance. En principio, a súa redacción non deixa dúbidas sobre que a principal finalidade perseguida é a de evita-las graves consecuencias que para o parlamentario se derivarían dunha detención "irregular". Sen embargo, ante esa posibilidade ou a de calquera outra actuación que menoscabase o principio do mandato, o precepto limitáase a indicar que o presidente "adoptará de inmediato cantas medidas estime convenientes". ¿Cales poderían ser estas?

Debe terse en conta que o carácter excepcional da norma contida no artigo 19 ó lexitimar unha actuación da Presidencia "extramuros de Palacio" reclama necesariamente unha interpretación restrictiva. Por isto, puidera pensarse que no suposto de producirse actuacións xudiciais ou gobernativas obstaculizadoras de funcións parlamentarias, a única medida que podería adopta-la Presidencia, independentemente da posta en coñecemento do feito ó Ministerio Fiscal de revestir caracteres delictuosos, sería a de poñer de releve, a título de chamada de atención ou recordatorio, o carácter de representante popular do parlamentario a quen afectaran as ditas actuacións.

O carácter xenérico deste amparo presidencial supón que exista de cando en vez a práctica parlamentaria da presentación de escritos dirixidos á Presidencia da Cámara nos que se solicita esta intervención do órgano rector, aínda en casos que non garda nen de lonxe similitude cos descritos na norma. Así ocorreu por exemplo o 5 de abril de 2006⁷⁰ cando un de-

⁶⁹ Así se pronunciou o Informe dos Servizos Xurídicos do 30 de xaneiro de 2002 sobre certos feitos acaecidos en relación con un deputado comparecente ante a Comisión do Estatuto do Deputado e que pide amparo á mesma.

⁷⁰ Escrito número do rexistro de entrada 5674 no que o deputado denuncia os reproches feitos no Pleno por parte dun portavoz referindo un escrito presentado na Cámara polo Ministerio de Defensa no que se comunica á Presidencia a situación do deputado por pertencer á Reserva Naval Voluntaria.

putado pide o amparo da Presidencia alegando a utilización de datos que entende persoais por parte doutro parlamentario dentro dun debate no Pleno da Cámara. Parece claro que non se pode colixir a existencia dunha cláusula xenérica de tutela en favor da Presidencia da Cámara que actúe en todos os casos nos que a denominada *cortesía parlamentaria* se pode ver afectada.

V. A suspensión dos Deputados

A suspensión dun parlamentario galego implica que deixa de ostentar a titularidade dos dereitos e deberes que lle outorga o Regulamento durante un lapso temporal determinado, recuperando os mesmos con posterioridade. Máis aló da consideración individual da cuestión preséntase como fundamental a posible alteración da formación da vontade do órgano parlamentario, ou como sinala Caamaño⁷¹ a produción efectiva dunha suspensión dos dereitos consagrados coma fundamentais no artigo 23 da Constitución.

A regulación da suspensión temporal da condición de deputado trátase no artigo 103 do Regulamento da Cámara que contempla o seguinte réxime:

A suspensión temporal na condición de deputado poderá acordala o Pleno da Cámara, por mor de disciplina parlamentaria, nos seguintes supostos:

- 1.º Cando, imposta e cumprida a sanción prevista no artigo 101 (privación de parte ou da totalidade dos dereitos regulamentarios), o deputado persistir na súa actitude.
- 2.º Cando o deputado portar armas dentro do recinto parlamentario.
- 3.º Cando o deputado, despois de ser expulsado do salón de sesións, se negar a abandonalo.
- 4.º Cando o deputado contraviñese o disposto nos artigos 13 e 14 do Regulamento (deber de suxeición ao Regulamento, respecto á cortesía e disciplina parlamentarias, deber de segredo e prohibición de facer uso da súa condición para actividades privadas).

⁷¹ Na súa tese de doutoramento: *El mandato parlamentario*. Citada supra. Páxina 220.

As propostas formuladas pola Mesa da Cámara nos tres primeiros supostos do apartado anterior e pola Comisión do Estatuto dos Deputados no cuarto someteranse á consideración e decisión do Pleno da Cámara en sesión secreta. No debate os grupos parlamentarios poderán intervir por medio dos seus portavoces, e a Cámara resolverá sen máis trámites.

Se a causa da sanción puider ser, a xuízo da Mesa, constitutiva de delito, a Presidencia daralle conta ao órgano xudicial competente.

Un primeiro aspecto suliñable do réxime xurídico da suspensión é o seu ámbito. En efecto, a suspensión afecta ós dereitos e deberes parlamentarios e non á totalidade do "status", posto que as prerrogativas non se ven afectadas por aquela.

As previsións regulamentarias son moi xenéricas na regulación da suspensión da condición de deputado. Límitanse a remitirse ós casos nos que conforme ó Regulamento así proceda, ou cando unha sentenza firme condenatoria así o imponha ou cando o seu cumprimento implique a imposibilidade de exercer-la función parlamentaria.

A Lei Orgánica 10/1985, de 23 de novembro do Código Penal veu a delimitar na súa regulación das penas privativas de dereitos o esquema que xenericamente prevé o Regulamento galego. Deste xeito e deixando de lado o contido da sentenza xudicial firme que así o imponha, indirectamente pode producirse a imposibilidade que cause a suspensión no suposto do artigo 29 letra c) do Código Penal: "A suspensión de emprego ou cargo público" e tamén no suposto da letra f) "a privación do dereito a residir en determinados lugares ou acudir a eles"⁷².

En relación con esta cuestión resulta de interese o informe dos servizos xurídicos do 21 de xullo de 1993 sobre a licitude da actuación do Sr. presidente da Comisión 3ª, de Economía, Facenda e Presupostos, Ilmo. Sr. Don Ceferino Díaz e Díaz, ante a negativa do deputado adscrito a dita comisión Ilmo. Sr. Don Xosé Manuel Beiras Torrado de abandonala por estar suspendido por sanción dos seus dereitos de parlamentario na sesión na que se tramitou o Proxecto de lei de concesión dun crédito extraordinario para atende-los gastos das próximas eleccións autonómicas.

⁷² Réxime xurídico que aparece desenvolto nos artigos 43 e 48 do Código Penal vixente.

Sen entrar nos matices da cuestión este informe entende que un Presidente de Comisión parlamentaria non é competente para impoñer sancións que no Regulamento aparecen xenéricamente reservadas a Presidencia do Parlamento e tampouco lle é posible executar as sancións impostas pola Presidencia da Cámara sen unha atribución expresa para elo. Todo iso pola configuración restrictiva que a potestade disciplinaria ten no noso sistema constitucional que impide obviar a tipicidade das conductas e o principio de legalidade na actuación dos órganos competentes⁷³.

Distinta natureza ten a suspensión do deputado por sentenza firme condenatoria que así o impoña ou cando o seu cumprimento implique a imposibilidade de exercer a función parlamentaria (artigo 20.2º do noso regulamento parlamentario).

VI. A perda da condición

O deputado autonómico pode perde-la súa condición por unha serie de causas de carácter taxativo e que veñen de ser perfiladas pola reforma regulamentaria do 22 de xullo de 1993.

a) Por decisión xudicial firme

Esta resolución pode ou ben anula-la elección ou a proclamación do deputado. A escuridade da dición regulamentaria lévame a entender que a anulación da elección está pensando nun suposto das denominadas pola doutrina italiana⁷⁴ "inelixibilidade sobrevida", das previstas; no artigo 39 apartado a) do Código Penal: "A inhabilitación absoluta", no artigo 39 apartado b): "inhabilitación especial para emprego ou cargo público,, dereito de sufraxio pasivo ou de calquera outro dereito" ou no artigo 39 apartado f): "a privación do dereito a residir en determinados lugares ou acudir a eles".

⁷³ Parecidas consideracións cabe facer en relación coas facultades disciplinarias no desenvolvemento dos debates. Así o recolle o informe da oficialía maior do 7 de abril de 2003 en relación á resolución do recurso presentado por un deputado ante a Mesa do Parlamento fronte a expulsión que fora acordada polo presidente nunha sesión plenaria.

⁷⁴ Cfr. M. Midiri: "Articolo 65" en: *Commentario della Costituzione (a cura di G. Branca): Le Camere*. Tomo II, Zanichelli/ Ed. del Foro, Bolonia/Roma, 1986, páxs 91 e ss. Lucas Murillo de la Cueva trata a cuestión da inhabilitación dos parlamentarios como consecuencia dunha sentenza condenatoria firme, concluíndo a escasa marxe de manobra que lle queda a Cámara en tal situación. "El estatuto de los parlamentarios: problemas generales". *Parlamento y Derecho*. Parlamento Vasco. Vitoria-Gasteiz, 1991. Páxina 75.

Os supostos citados preséntanse polos autores coma asimilados a outros, que son causa de inelixibilidade, e que se aparecen nun momento posterior á adquisición da condición de parlamentario provocan a perda do escano. Así no noso caso, e de conformidade á dicción da STC 60/1987, a perda da condición política de galego sería causante da perda da condición de parlamentario, cando o único requisito esixido é o da residencia administrativa nalgún dos concellos de Galicia. Entendo que a competencia para unha declaración deste tipo será asumida pola Sala do Civil e do Penal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, por ser o foro especial dos parlamentarios autonómicos e o competente para o coñecemento da validez das credenciais parlamentarias en Galicia.

No tocante á anulación da proclamación do deputado débese pensar nunha resolución da Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que é o órgano competente para coñecer dos recursos contencioso-electorais na nosa Comunidade Autónoma. Segundo o artigo 114.2 da Lei Orgánica de réxime electoral xeral só será posible a posterior interposición posterior dun recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional.

O propio Regulamento autonómico ten en conta esta posibilidade de anulación da proclamación de electos cando prevé a celebración da sesión constitutiva da Cámara, e condiciona as eleccións dos órganos rectores da mesma á resolución dos oportunos recursos contencioso- electorais⁷⁵.

b) Por falecemento ou incapacitación.

Agudamente apunta Francisco Caamaño⁷⁶ que hai que ter en conta o establecido nos artigos 193 e seguintes do Código civil sobre a declaración de falecemento, en concreto non resulta desbotable que sexa a propia Cámara galega a que inste tal procedemento, ben como parte interesada ou ben a través de a oportuna denuncia ao Ministerio Fiscal.

Tanto o falecemento como a incapacitación deberán ser constar de xeito nidio á Cámara. Así se esixe que a declaración de incapacidade sexa

⁷⁵ De grande interese para a cuestión é a aportación de Francisco Fernández-Segado: *Estudios de derecho electoral*. Ediciones Jurídicas. Lima. 1997. Páxinas 393 a 541.

⁷⁶ No seu libro *El mandato parlamentario*. Op. Cit. Supra páxina 258.

feita por decisión xudicial firme. O noso dereito apartase neste punto de outras tradicións parlamentarias como a inglesa⁷⁷ que reservan a declaración de incapacitación para o Pleno da Cámara da que o deputado forma parte, entendendo cecáís que se trata dunha cuestión que debe ser valorada técnica e non politicamente.

c) A extinción do mandato

Prodúcese o transcorre-lo seu prazo de catro anos ou disolverse a Cámara, ben polo transcurso de dous meses a partir da primeira votación de investidura sen que ningún candidato proposto obtivera a confianza do Parlamento (artigo 17 in fine da Lei da Xunta e do seu Presidente) ou ben polo exercicio por parte do Presidente da Xunta da potestade de disolución da Cámara (artigo 24 da LXP), sen prexuício da prórroga das súas funcións dos membros titulares e suplentes da Deputación Permanente ata a constitución da nova Cámara.

d) Por renuncia

O feito de renunciar ao escano forma parte segundo Cano Bueso⁷⁸ do dereito contido no artigo 23.2 da Constitución. Así a cesación do mandato parlamentario por vontade do seu titular preséntase como una das causas máis obvias de perda da condición de deputado. Esta é unha cuestión que non sofreu cambios na práctica parlamentaria ata os inicios da VII Lexislatura e con motivo da constatación por parte da Mesa da Cámara da existencia de modelos comparados (Senado) nos que a toma de coñecemento da renuncia se delega por parte da Mesa na Presidencia da Cámara alta. A partir pois de febreiro de 2006 é a Presidencia do Parlamento a que por acordo de delegación da Mesa é competente para tomar conta das renunciadas presentadas, todo elo sen perxuízo da posterior “convalidación” do seu acto por parte da Mesa.

Debe formularse de xeito expreso por parte do deputado perante a Mesa do Parlamento ou en caso de imposibilidade física perante notario que

⁷⁷ Cfr.a Mental Health Act de 1959, modificada parcialmente en 1982. Tomado de *O Mandato parlamentario*. Op. cit. supra. Páxina 258.

⁷⁸ “La renuncia al cargo representativo”. *Corts. Anuario de Derecho Parlamentario*. N.º 4 (extraordinario). 1997. Páxinas 63 a 85. Así o recoñece a Sentenza do Tribunal Constitucional 60/1982, do 11 de outubro no seu fundamento xurídico 3.º.

lle remitirá o correspondente testemuño á Mesa. Esta redacción regulamentaria parece apuntar certo carácter recepticio da renuncia, condicionando os seus efectos a que a vontade do renunciante sexa totalmente palmaria ós ollos do máximo órgano rector da Cámara (en contra de esta opinión maniféstase Morales Arroyo⁷⁹).

A xurisprudencia constitucional nesta materia (STC 81/1994 entre outras) permitiu á doutrina⁸⁰ suliñar o carácter de negocio xurídico unilateral e solemne que ten a renuncia. Estas notas non empecen, o meu xuício, á redacción do regulamento galego, que apartándose de outros textos (como o cántabro), pon de manifesto nididamente a importancia da participación da Mesa no proceso de formulación da renuncia facendo reforzar a idea sinalada por Pedro de Vega⁸¹ de que a eficacia da renuncia dependería da aceptación polo destinatario da mesma, a Mesa da Cámara.

O citado carácter personalísimo da renuncia sí merece ser encarecido ó trata-lo problema das denominadas "demisións en branco", esto é, a necesaria firma que algúns estatutos de partidos políticos imponen ós seus candidatos, para que no caso de seren elixidos queden á disposición do partido. Trátase, por suposto, dunha práctica totalmente contraria á prohibición constitucional do mandato imperativo prevista no artigo 67.2 da Constitución, e tamén ó propio contido do artigo 23.2 en cuanto garante da posición institucional dos representantes públicos.

⁷⁹ No seu traballo: "A renuncia como medio para finalizar o mandato parlamentario". Na obra colectiva: *Parlamento e Xustiza constitucional*. Op.cit. supra. Páxina 290.

⁸⁰ Juan Cano Bueso defende a posibilidade de que nos casos onde se esixe a realización da renuncia "personalmente", o Letrado maior da Cámara deba levantar unha acta de comparecencia onde acredite que o renunciante se personou ante o órgano correspondente e manifestou a súa vontade de renuncia-lo cargo. Crf. "A renuncia ó cargo público representativo". *Corts. Anuario de Dereito Parlamentario*.1997.nº4 Extraordinario. Páxina 66.

⁸¹ "Significado constitucional de la representación política". *Revista de Estudios Políticos*. Nº 44. 1985. Páxina 44.